



www.oqueleo.com

© 2021, Clara Vila-Amado

© Desta edición:

2021, Sanoma Infantil y Juvenil, S. L. e Edicións Obradoiro, S. L.

Oqueleo é unha marca rexistrada, directa ou indirectamente por Grupo Santillana Educación Global, S. L. U., licenciada a Sanoma Infantil y Juvenil, S. L.

Entrecercas, 2 - 15705 Santiago de Compostela

Teléfono: 981 55 27 40

ISBN: 978-84-16834-34-1

Depósito legal: M-2552-2021

Printed in Spain - Impreso en España

Primeira edición: setembro de 2021

Dirección da colección:

Ana María Guerra e Maite Malagón

Editora executiva:

Yolanda Caja

Dirección de arte:

Xosé Crespo e Rosa Marín

Proxecto gráfico:

Marisol del Burgo, Rubén Chumillas, Julia Ortega,

Álvaro Recuenco e Laura Ruiz



As materias primas utilizadas na fabricación deste libro son reciclables e cumpren amplamente coa normativa europea de desenvolvemento sostible, economía circular e xestión enerxética.

Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra só pode ser feita coa autorización dos seus titulares, agás as excepcións que establece a lei. Contacte con CEDRO (Centro Español de Dereitos Reprográficos, www.cedro.org) se necesita fotocopiar ou escanear algún fragmento desta obra.

Pegadas na tinta

Clara Vila-Amado

Ilustración de cuberta: Jano

oqueleg

Prólogo

*Casa do gobernador Horemheb.
A media hora de marcha ao norte de Hermontis,
capital do nomo¹ IV do Alto Exipto.*

—Sexa benvido, señor Neshi, o gobernador Horemheb está a agardar por vostede, coma sempre —recibiuno a filla máis vella da ama de chaves do gobernador.

—Bo día, Brancaflor —saudou Neshi a rapaza cun sorriso e unhas palmadiñas na cabeza—, vexo que medraches moito, estás a axudar a túa nai?

—Xa sabe que si, señor Neshi, hoxe é o día en que limpamos o cuarto e o despacho do gobernador mentres vostede o entretén coa partida semanal de *senet*² —replicoulle a moza con graza, o que fixo rir o seu interlocutor.

—Entón está a agardar por min no xardín? —preguntoulle mentres lavaba os pés e as mans na porta da entrada.

1. División administrativa do antigo Exipto.

2. Xogo de mesa exipcio para dous xogadores. Considérase un antecedente do xadrez e das damas.

—Na pérgola da dereita —respondeu asentindo coa cabeza— e, coma sempre, chega vostede tarde.

O señor Neshi cruzou o recibidor e a sala principal, e saíu ao xardín por unha porta lateral disimulada na decoración. Camiñaba cara á pérgola con pasos firmes e rápidos, e viu a ama de chaves do gobernador achegarse a el, cargada cunha bandeja baleira.

—Bo día, señor Neshi —sorriulle—. Volve chegar tarde, acabo de deixar os seus refrixerios co señor Horemheb.

—Bo día, dona Nenúfar, espero que non atrase o seu plan de ataque —chanceouse.

—Non se preocupe, sempre teño dous plans máis na reserva —contestoulle, e marchou para seguir co seu traballo—. Non esqueza manterse á sombra —engadiu con aceno preocupado, virándose un momento—, non queremos que nin vostede nin o gobernador volvan coller unha insolación.

O señor Neshi só puido sorrir e asentir. Dona Nenúfar tiña corenta anos longos e era unha persoa moi leda. Non era moi alta e nunca estaba quieta, sempre movéndose coa graza dunha bailarina. Era a actual ama de casa do gobernador. Sucedera

a súa nai, que o fora antes ca ela. A súa nai considerara que xa estaba maior para ese traballo tan pesado e agora facíase cargo de coidar dos seus netos máis novos mentres a súa filla Nenúfar e o seu fillo, que era tecedor, estaban nos seus traballos.

Un pouco perdido nos seus pensamentos, Neshi seguiu o seu camiño ata chegar á pérgola recuberta de madreSelva, onde o agardaba o gobernador co seu taboleiro de *senet*, unha mesa con refrescos e algo que non estaba de todo seguro do que era, pero que tiña moi boa pinta.

—Bo día, gobernador —saudou co aceno informal de sempre.

—Bo día, Neshi —respondeulle inclinando a cabeza—, chegas tarde de novo.

—É a tradición, gobernador, e quen somos nós para dicirlles que non ás tradicións?

Os dous homes botáronse a rir. Levaban con aquela broma da puntualidade case trinta anos, desde que Neshi entrara ao servizo do gobernador como capitán da súa garda persoal. O primeiro día de traballo chegara tarde porque se entretivera detendo un rateiro no mercado e o gobernador rifáralle moito pola súa falta de puntualidade. O

certo é que, tras decatarse do acontecido, o gobernador estivera disposto a desculparse con Neshi.

10 Aquel fora o comezo da súa amizade, posto que os dous foran conscientes de que xulgaran mal o outro, e despois diso comezaron a levarse ben. Con todo, desde entón convertérase nunha broma entre eles, sobre todo cando non se trataba de asuntos oficiais. Todo o mundo sabía das súas reunións de *senet* semanais e todo o mundo «axudaba» a que Neshi nunca chegase á hora fixada.

Os dous sentaron un fronte ao outro cun par de vasos de cervexa doce fresca e comezaron a partida. Ninguén que vise os dous homes pensaría que poderían ter unha relación en común e, menos aínda, ser amigos. Neshi roldaba os cincuenta anos, era un home moi alto e enxoito, coa pel bronceada e curtida polo sol e o pelo crespo, salpicado de canas. A pesar das sandalias, do pano de luxo que vestía e dos brazaletes nos pulsos, tiña un aire case salvaxe. Tampouco axudaba moito que levase o ouro do valor³ pendurado do pescozo e tivese uns ollos grises e severos que fulminaban a xente cando a miraba con atención.

3. O ouro do valor era unha condecoración militar, un colar de ouro cun colgante en forma de mosca.

O gobernador tiña case vinte anos máis ca el e, ao seu carón, parecía un home baixiño. De mozo, tivera un aspecto case delicado e, agora, coa idade, mesmo parecía un chisco fráxil, a pesar de que era tan duro coma calquera mozo. Pertencía a unha das familias nobres máis antigas de todo o país e iso notábase. Tiña a pel bastante clara, a pesar do tempo que chegara a pasar no exterior; e as mans, finas e coidadas, habitualmente manchadas de tinta, posto que nunca se lembraba de deixar o cálamo no tinteiro cando remataba de escribir. Levaba unha túnica grosa, acorde coa súa posición, e cubría o cabelo, totalmente cano desde que fixera os trinta anos, cunha perruca curta e rizada, algo anticuada pero moi cómoda, a xogo co sobrio perfilado dos ollos en cor negra. O aspecto do gobernador podía ser o dun avoíño amable, pero seguía a ser un administrador duro e esixente cos seus subordinados. Tiña un bastón apoiado no brazo da cadeira para eses momentos en que a vella ferida do nocello dereito decidía darlle a lata.

As partidas de *senet* comezaran como un modo de matar o tempo durante as súas viaxes en barco

e despois convertéranse nunha forma fácil e relaxada de conversar dos seus asuntos da semana. A pesar da diferenza de idade, os dous homes apreciábanse e non tardaron en confiar un no outro o suficiente como para compartir confidencias persoais. Coma sempre, comezaban o xogo en silencio despois de decidiren a quen lle tocaba empezar. O gobernador podía parecer un home inofensivo, pero era un estratega endiañado. Por sorte, Neshi gozaba bastante con ese tipo de desafíos. Tras un par de xogadas, comezaron a conversar.

—Como van as cousas co teu fillo? —preguntou o gobernador logo de mover ficha—. Teño entendido que leva un tempo a traballar na policía⁴.

—Suxeriuno o seu instrutor e pareceume ben —moveu unha das fichas—. O rapaz non está feito para ser un simple soldado dos que se limitan a seguir ordes, ten algo dentro —afirmou. E engadiu rascando a caluga—: E agardo que non sexa só o pai en min quen fala, senón o militar.

4. En Exipto había unha policía urbana en cada cidade, controlada pola administración do gobernador, e unha policía do deserto, que vixiaba as rutas das caravanas.

—Lin os informes dos seus instrutores e algunhas notas dos seus superiores, e non cren que andes moi desencamiñado. Non llelo están a pór fácil por ser fillo de quen é, pero axiña o ascenderán a oficial.

—Ten a Kosei, e sei que ese cadelo é quen de lle gardar as costas, polo que non me preocupa demasiado.

—Os bos fillos son unha sorte —meditou o gobernador cun aceno un pouco triste.

—Por certo, chegou unha carta do meu investigador —sacouna da bolsa do cinto e tendeuilla ao gobernador—. Volvemos dar co seu rastro nunha aldea ao sur de Edfu. O meu home segue pescudando.

—Grazas, vello amigo... —houbo un momento de silencio, un momento de pesar compartido que aliviaba a dor—. E dime, que novas temos dos novos servizos de información? Algún problema?

—Hai disturbios no norte, sobre todo á altura da rexión menfita e no delta. Na maioría dos casos, son bandas de ladróns e saqueadores que aproveitan que os nomo están algo descoordinados por falta de reacción do poder central.

—Na maioría...

—Tamén é posible que se trate de milicianos hiscos⁵... Parece que non se conforman cos dous espazos impostos nin con deter de facto o poder... Por sorte, estamos suficientemente ao sur como para pasarmos desapercibidos, polo momento.

—E na nosa casa?

14 —Pola miña banda non hai problemas. Fóra dos habituais rateiriños e intentos de estafar o fisco de sempre, nestes momentos seguimos a manter boas relacións cos nomo veciños. Traeránlle mañá as copias dos informes de cada unha das cidades do nomo e a análise do conxunto. Por certo, faláronme moi ben dos novos administradores de Tebas. Polo que me pareceu ver, as cousas van tan ben coma sempre: temos a sorte de vivir nunha rexión amada polos deuses.

—Teño que lembrarme de lle pedir a algún dos axudantes do meu secretario que revise as contas: o novo escriba dos campos⁶ fai uns xeroglíficos tan miudiños que me resulta difícil de ler.

5. Os hiscos foron un pobo proveniente de Oriente Próximo que dominou durante un tempo o Baixo Exipto.

6. Levaban a contabilidade da produción e os impostos dun templo ou dunha explotación agrícola.

Retomaron a partida, que se achegaba ao final, e deixaron a conversa por un tempo. Pero entón interrompeunos a chegada precipitada dun home que se aproximaba a eles sen facerlle caso a dona Nenúfar, que trataba de detelo. Era Padiu, un dos homes de confianza do gobernador. Era novo, de boa familia, non mal parecido, vestido cunha túnica á moda e cos ollos maquillados en verde malaquita. O sorriso arteiro e a expresión de superioridade que amosaba en ocasións facían que tanto Neshi como dona Nenúfar non lle tivesen moito aprecio.

—Non te preocupes, querida —desculpouno o gobernador facéndolle un xesto coa man á súa ama de chaves—. Xa me fago cargo eu.

—Lamento interromper a súa reunión, señor Horemheb —dixo sen se deter a saudar apenas, sen facer caso ningún do home que estaba ao seu carón—, pero trátase dun asunto de grande urxencia. Precísase a súa presenza no templo de Montu⁷, un dos falcóns do templo apareceu morto no patio, desfeito por algunha fera, e os sacerdotes están a volverse tolos falando dun mal presaxio.

7. Montu o Combatente era un deus protector da realeza e do combate. Representábase mediante un falcón ou un home armado con cabeza de falcón.

—Imos ver que é o que acontece —declarou con calma, erguéndose coa axuda do seu bastón—. Ne-núfar, querida, pide que preparen a miña cadeira portátil, non estou tan novo como para percorrer ese camiño con rapidez. Neshi, creo que deberías acompañarnos...

16 Fixeron o camiño ata o templo nun tempo mínimo. Os portadores do gobernador estaban encantados co pouco peso do seu patrón, xa que así podían avanzar ás présas. Non podían dicir o mesmo os mozos que levaban o peso da cadeira de mans de Padiu, que chegaron sen alento e eslombados. Neshi estaba en boa forma e non tivera problema ningún en avanzar ao ritmo rápido que o gobernador lles impuña aos seus homes, pero non puido evitar lamentarse por non estar acompañado dun par de gardas, pois dáballe a impresión de que ían precisalos.

Neshi tiña un mal presaxio e non conseguía desfacerse del. Revisou dúas veces os arredores da entrada do templo e pediulle ao gobernador que agardase un pouco, mentres chamaba uns gardas, pero o gobernador desbotouno:

—Imos entrar no templo, que podería pasarnos alí?

—Os sacerdotes son homes de paz —sentenciou Padiu, dándolle a razón ao gobernador.

Neshi tivo que ceder. Entraron no templo e chegaron ao primeiro patio, onde unha sorprendente multitude rodeaba os sacerdotes, que fixeran un círculo arredor do falcón morto no chan. Había un mozo duns vinte e cinco anos axeonllado ante a ave, estudándoa con atención pero sen tocala. Levaba unha túnica branca de aspecto formal e un selo de ouro na man dereita; tiña a cabeza afeitada, como os sacerdotes puros, e os ollos perfilados en cor negra cun deseño semellante ao que se empregaba para as estatuas de Horus⁸. Un dos sacerdotes máis vellos achegouse a el e preguntou:

—Está seguro, Sennedyem?

—Estou, Seneb, non é un dos nosos falcóns, non leva os selos do templo, pero en canto Kamosis volva das paxareiras saberémolo de certo.

Apenas rematara de pronunciar esas palabras cando un rapaz de catorce ou quince anos entrou a todo correr:

8. Un dos principais deuses exipcios. Representa o faraón. O seu animal sagrado é o falcón. Considerase que Montu representa o seu aspecto como combatente.

—Están todos ben, señor Sennedyem, chamamos por eles e non falta ningún dos nosos falcóns.

—Moitas grazas, Kamosis —sorriulle, erguéndose con certa torpeza. Volveuse cara á multitude e viu o gobernador. Avanzou un paso, alzou os brazos e declarou en voz alta—: Non se trata dun dos paxaros do templo, non tedes que vos preocupar, o gobernador xa foi avisado e imos descubrir quen foi o responsable desta horrorosa sorpresa.

Os sacerdotes encargáronse de que todo o mundo volveuse ás súas ocupacións antes de facer o mesmo. O mozo Sennedyem, sumo sacerdote de Montu, detívose a recoller o falcón e invitou o gobernador e os seus acompañantes a seguilo ao interior. O mozo ranqueou un pouco ao avanzar. Levounos a unha das salas dedicadas á administración e convidounos a sentar nuns sinxelos tallos de tres patas.

—Sinto que a miña hospitalidade sexa tan modesta —desculpouse o sumo sacerdote—, pero neste momento están a facer unha reparación na sala de reunións e no meu despacho, así que tere-mos que nos conformar con estas estancias da administración.

—Non te preocupes, Sennedyem —o gobernador levantou a man dereita en ademán conciliador—. Viñemos só por mor dese falcón, pero vexo que controlaches moi ben a situación.

—Tardaron pouco en irlle co conto... —rosmou o mozo—. Debérono avisar aínda antes ca a min para chegar tan axiña. Sinto que o molestasen por un motivo coma este.

—Tes algunha idea do que sucedeu? —interrompeu Neshi, preocupado.

—Síntoo, xeneral Neshi —negou coa cabeza—. Apenas tiven tempo para comprobar que o que me contaran era verdade e que había un falcón morto no primeiro patio. O primeiro que se me ocorreu foi comprobar se fora algún dos nosos, pero está claro que debía tratarse dunha ave salvaxe —mirou o paxaro morto no seu colo—. O que non sei é quen sería capaz de facer algo semellante.

—Non debería ser difícil pescudar quen tivo acceso ao templo —suxeriu Neshi.

—Laméntoo, pero non —negou de novo Sennedyem—. Trátase do patio exterior —explicou—, está sempre aberto e hai unha continua trasfega de xente por aquí. Arredor dese patio están as

oficinas da administración e os despachos dos escribas encargados dos rabaños e dos campos do templo, e mesmo unha das entradas aos nosos almacéns, por non falar do acceso ao segundo patio, que é outra zona de paso. Do outro lado do pilono están o despacho e mais as dependencias do decano do soportal⁹. E os outros edificios da praza son zonas de almacenaxe dependentes da administración. Hai moita xente, pero todo o mundo está ocupado e anda ao seu. Non vai ser doado atopar alguén que vise algo. Outra cousa sería se acontecese nos patios interiores, pois o templo está pechado aos profanos.

—E non houbo ningún outro acontecemento estraño? —continuou preguntando Neshi—. Problemas con alguén? Ameazas? Roubos?

—Nada fóra do usual. Apenas hai cinco anos que son sumo sacerdote do templo e aínda hai quen protesta porque son novo de máis, pero é normal. É xusto o contrario do que lle pasa ao meu colega de Tebas, a quen non fan máis que pedirlle que se retire debido á súa idade... Pero penso que

9. Título dun dos principais xuíces dunha cidade, só por baixo do xuíz provincial.

ningunha persoa relacionada co templo trataría así unha ave dos deuses. Lembre que Montu ás veces se representa con cabeza de falcón. Imos precisar uns días para investigar o que pasou.

—Entón non te entretemos máis e deixámoste co teu traballo —dixo o gobernador axudándose do bastón para pórse en pé—. Mandarémosche un investigador para axudar a esclarecer o que aconteceu.

21

Sennedyem acompañounos de volta ao primeiro patio mentres comentaban as noticias sobre a nova parella de administradores da cidade tebana. A princesa Merit-Amón casara cun mozo tebano de boa familia e estaban a facer un gran labor na revitalización da economía local. Dyet, o sumo sacerdote do templo de Amón, estaba especialmente contento porque os dous mozos eran devotos do deus ao que servía e colaboraban estreitamente co templo, algo que se botaba en falta desde a morte do anterior alcalde. Pese a que as relacións entre algúns dos nomos, e nalgúns casos mesmo entre as cidades, se deterioraran desde os inicios da ocupación, os templos seguían a se comunicar entre eles, e intercambiaban sen problemas persoal, información e materiais, polo que as novas viaxaban facilmente.

Mentres estaban a cruzar o patio, os catro homes separáronse un pouco. Padiu atrasárase tras deterse a saudar un mozo co que estudara e que agora era ritualista no templo. Neshi avanzaba con pasos longos e rápidos e ía un pouco máis adiante do que pensaba, mentres o gobernador trataba de adaptar os seus pasos ao leve ranquear do sumo sacerdote. Os dous homes apreciábanse, probablemente debido ás súas similitudes de carácter. Ambos eran directos e decididos, aínda que o mozo tiña unha diplomacia natural da que o gobernador carecía e o máis vello posuía as mañas dun raposo arteiro que o sumo sacerdote non se vía quen de empregar.

De súpeto, un home que pasaba ao seu carón botouse contra o gobernador cun pequeno coitelo de dous fíos na man. Un segundo home tratou de derrubar a Neshi, pero o xeneral non tivo dificultades para librarse del botándoo contra unha das columnas, con tan mala sorte que chantou o propio puñal no ventre. Padiu estaba demasiado lonxe para intervir e o sumo sacerdote quedara un par de pasos por detrás. Pero, a pesar da súa idade, o gobernador era quen de defenderse ben. Levantou un brazo, desviou a coitelada, que lle

fixo unha pequena rabuñadura no peito, e bateulle forte co seu bastón. Atordado, o asaltante soltou o coitelo e botou a correr. Neshi perseguiu, pero Padiu chegou a el primeiro. Bateulle nas costas para derrubalo e o home caeu sobre un vulto de tea que había no chan. Oíuse un forte ruído en todo o patio e, ao achegárense, viron que abrira a cabeza e xa non respiraba. Baixo a lona había unha zorra cargada con material de construción, pedras, mazos e ciceis para as obras que se estaban a facer no templo. Co rebumbio, o outro home fuxiu e non foron quen de saber se estaban sós ou tiñan máis axuda. Neshi maldiciu en voz baixa cando se decatou de que acababan de perder a única pista do que estaba a acontecer. Pero esqueceuno todo cando oíu a voz de Sennedyem:

—Un médico, axiña!

O sumo sacerdote estaba a soster con dificultades o gobernador, que tremía pálido e suorento. Neshi achegouse para apoialo e axudalo a levar o gobernador a unha das estancias interiores. A rabuñadura do coitelo tiña un aspecto un pouco estraño, pero era algo que xa vira antes e puido recoñecelo. A folla estaba envelenada. Tras deixar

o gobernador con Sennedyem e Padiu, saíu a recuperar o coitelo e mandou dous dos portadores do gobernador a que fosen buscar os homes da súa garda e mais a médica xefa Merit-Ra. O pobre mozo semellaba un pouco perdido, non podía crer que un ataque coma ese sucedese nos seus dominios.

24

—Xeneral —declarou con gravidade—, creo que xa coñecemos o obxecto da presenza do falcón no templo. Preparáronlles unha trampa.

—Unha trampa moi ben pensada, rapaz —replicou o xeneral case sen pensar—. Que motivos tiñamos para desconfiar?

—Conte con toda a miña axuda para esclarecer isto —engadiu case con ferocidade—. Non imos deixar pasar esta aldraxe.

Pensou, case sen querer, no moito que o mozo parecía un guerreiro de Montu máis ca un sacerdote mentres dicía esas palabras. Un pensamento discordante, razoou para si, xa que era servidor dun deus que se encarnaba nun falcón combatente. Ás veces daría algo por que os gardiáns pintados nos muros dos templos puidesen facer o seu traballo coma nos contos que lle contaba ao seu

fillo cando era neno. Non estaba certo de se se sentía máis culpable ca anoxado ou se era ao revés. O seu papel era protexer o gobernador e, por primeira vez, fallara gravemente. A chegada da médica xefa sacouno do seu cavilar.

Merit-Ra era unha muller duns sesenta anos, baixa e un pouco ancha, cun semblante afable, semellaba unha anfitrioa xenerosa máis ca unha rigorosa doutora, pero ninguén dubidaba da súa competencia e severidade. Herdeira dunha longa dinastía de médicos, compartía coa súa familia o talento para curar. A súa nai, médica militar coma o seu avó e sacerdotisa de Sejmet, achegara moitas das actitudes precisas para ser quen de facer fronte á doenza; e o seu pai, farmacéutico de indubidable talento, axudáralle a sentar as bases da súa arte. Viñera acompañada dun dos seus axudantes, que cargaba o seu cofre médico, e, sen perder un instante, axeonllouse a carón do gobernador. Os minutos que dedicou a recoñecer o seu paciente fixéronselles eternos a todos. Finalmente, a doutora ergueu a vista e declarou:

—É un mal que coñezo e co que loitarei —Neshi achegouse para axudala a levantarse—. Imos

facer unha pequena intervención de urxencia e despois levarémolo á súa casa para o tratamento. Xeneral, se é posible, preciso unha mostra do veneno que lle aplicaron.

—Teño aquí o puñal que empregaron.

—Moi ben, empréstemo, devolvérello en canto acabe con el.

26

Merit-Ra deulle a beber ao seu paciente unha infusión de herbas para axudalo a minorar o ritmo cardíaco e fixo que o seu axudante puxese unhas poucas sambesugas a chucharlle a ferida para retirar a maior cantidade posible de veneno. Despois aplicou unha pasta verdosa na ferida e cubriuna cun apósito de liño antes de dar orde de que os portadores levasen o gobernador de volta para a súa casa. Deu instrucións precisas de deitalo sobre unha esteira no chan, nun dos cuartos máis frescos da casa, e marchou correndo para o seu laboratorio coa intención de preparar un contraveleno para loitar contra as toxinas. O gobernador era un home moi forte, pero ía vello e precisaría canta axuda se lle puidese prestar.

A doutora tardou unhas cantas horas en chegar á casa do gobernador. Neshi seguía agardando por

ela, mentres que Padiu fora avisar o seu secretario do que acababa de acontecer. Mentres non soubese que o gobernador ía estar ben, o xeneral non tiña cabeza para esas miudezas. A doutora apenas saudou ao entrar no cuarto, centrada no seu paciente. Retirou o apósito e a pasta absorbente que lle puxera na ferida, e volveu examinar o gobernador. O ritmo do corazón era forte e non tiña moita febre: parecía que o vello era duro e quería seguir loitando. Ía botarlle unha man. Sacou dous potes do seu cofre de menciñas e pediulle a dona Nenúfar que lle trouxese unha copa con auga quente.

27

Non tardou nada en volver co seu pedido. Diluíu na auga vinte gotas dun dos frascos e deixou-no arrefriar mentres untaba a ferida do gobernador cunha pasta de aspecto grumoso. Cubriu cun novo apósito a ferida e fixo que o paciente bebese o contido da copa que preparara antes. Deulle instrucións ao seu axudante para que lle secase a suor ao gobernador e volveuse cara a Neshi e dona Nenúfar, que semellaban moi preocupados.

—Tivemos bastante sorte. O gobernador Horemheb é un home duro e está a facer a parte máis

difícil do traballo, que é loitar por pórse ben. En dous ou tres días deberíamos ter limpo de veneno o seu corpo, se o atura, porase ben. Se non lles parece mal, o meu axudante e mais eu quedaremos na casa para seguir co tratamento. Nas primeiras horas é fundamental ser constante.

28

Neshi sentiuse moi aliviado e deu orde de dobrar a garda na casa do gobernador antes de saír a ocuparse dos seus asuntos. Tiña unha investigación que iniciar. Estaba suficientemente anoxado como para non ser tan racional coma de costume. Quería coller o responsable do ataque e non lle importaba demasiado saber quen se ía facer cargo dos asuntos cotiáns do gobernador. O único motivo polo que pasou polo despacho do seu xefe foi para asegurarse de que o novo dispositivo de seguridade estaba no seu lugar e para falar co secretario do gobernador.

Á cabeza dun numeroso continxente de escribas, Teti, secretario particular do gobernador, era un dos poucos homes do nomo que sabía realmente cal era o balance dos puntos fortes e febles da súa terra. Era el quen controlaba unha boa parte do poder efectivo do gobernador a través dos de-

cretos e as regulacións que servían para manter a prosperidade en época de paz. Case tan vello coma o seu xefe, Teti era o irmán máis novo da súa primeira esposa. Os dous homes eran coma irmáns e Teti, aínda que seguía a dirixir a oficina co mesmo rigor de sempre, estaba moi afectado. As boas novas que Neshi trouxo foron un alivio para el. Os seus axudantes apreciaron a mellora do humor do seu xefe que, se ben seguiría sen consentirilles o menor erro ou descoido, polo menos permitiríalles falar entre eles e facer algún descanso ocasional.

29

De volta nos seus propios dominios, Neshi deu-lles ordes aos homes que estaban baixo o seu mando directo e mandou chamar o xeneral Userhat, xefe da milicia do nomo, e o xefe de policía Chigaru. A súa convocatoria fora tan estraña que os dous homes cancelaran os asuntos que tiñan previsto atender e acudiran decontado a reunirse con Neshi. Todo o mundo sabía que o xeneral Neshi non andaba con bromas coa seguridade, e ningún deles quería pasar a engrosar as listaxes de oficiais degradados por falta de celo que Neshi comezara a elaborar no mesmo momento en que entrara a traballar para o gobernador. Reuníronse a por-

ta pechada e non saíron ata ben entrada a noite. Cando os seus subordinados entraron pola mañá nas oficinas, os seus xefes xa estaban a agardar por eles cunha interminable lista de ordes. Tiñan moito que remover para ver qué era o que estaba pasando.